

Por mor dun erro de programación (acontecido no mes de agosto, coincidindo con traballos de modificacións técnicas e de contidos ós que se someteu o portal de información ambiental), a sección **2º CONCURSO DE REDACCIÓN E FOTOGRAFÍA AMBIENTAL** non conservou nin incorporou as novas fotografías e redaccións remitidas por rapaces e centros escolares galegos. Tras ser coñecedores deste feito, por chamadas de distintos centros informándonos da non aparición de traballos enviados por eles, a organización do concurso vén de decidir a modificación, por ampliación, das súas bases, de xeito que:

1.a.- Co obxectivo de facilitar a participación destes centros e alumnos se vai estender e prolongar o prazo de presentación de fotografías até o primeiro día lectivo (incluído) posterior ás vacacións de Semana Santa 2012.

1.b.- Os traballos de redacción deberán remitirse novamente, por terse “perdido” todos eles, o que xa foi comunicado ós enderezos electrónicos dos remitentes coñecidos pola organización.

1.c.- Os traballos fotográficos remitidos e seleccionados antes do mes de agosto xa se atopan “aloxados” na sección do concurso da páxina web. Son os enviados posteriormente os que deberán ser remitidos de novo, mediante o formulario que figura para tal efecto na mesma sección.

2.- O xurado terá, a partir desa data, 15 días hábiles para a selección da redacción e da fotografía gañadora.

3.- A entrega de premios se realizará, previa comunicación ós gañadores e publicación na web, antes do remate do curso 2011-2012; nas mesmas condicións que se establecían nas bases orixinais do concurso.